

## Concello de Viveiro

**EXPEDIENTE.- 1055/2022**

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

DNA. MARÍA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 12 de maio de 2022, relativo a Convocatoria para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2022, con número de expediente: 1055/2022.

Vistas as Bases Xerais e anexo para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade.

Vistas as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego e mellora da empregabilidade, ao amparo da Resolución do 05/05/2022 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro 6 prazas de socorristas para as praias.

Visto o resultado da selección da Oferta de Emprego con n.º 12-2022-5183 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8, que sinala *"(...)Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía. Esta Resolución dictarase no prazo máximo de 5 días. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión..."*

Tendo en conta a Resolución de data 13 de xuño de 2022, pola que se establece un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para catro postos de socorristas, dende o 14 de xuño de 2022 ata o 16 de xuño de 2022 (ámbolos días incluídos).

*Visto que o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), remite novos C.V. de aspirantes que cumpren os requisitos.*

### RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte **lista provisional de admitidos e excluídos:**



## Concello de Viveiro

### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Proba de galego
1	BALSEIRO MARTIN SARAY	EXENTA
2	CACERES LOPEZ AARON	EXENTA
3	GONZÁLEZ CHAO XOEL	EXENTA
4	VILAR GARCÍA BRAIS	EXENTA

### B) EXCLUÍDOS:

Nº	Apelidos e Nome	Motivo de exclusión	Proba de galego
1	NAVARRO FERNÁNDEZ RODRIGO	Non acreditar cumprir coa normativa vixente en materia de formación mínima e rexistro que se fixa para os socorristas acuáticos de Galicia. (Non cumprir co punto 3 das Bases Específicas).	EXENTA

A publicación da lista provisional abrirá un prazo de (5) cinco días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)) para que se poidan emendar as deficiencias que en cada caso se indique. A presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar no proceso selectivo sen o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases suporá a exclusión dos aspirantes tal e como se recolle na base 5, sen prexuízo da súa posible subsanación no prazo de (5) cinco días hábiles trala publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, tal e como se recolle no presente punto.

En Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Asdo. María Loureiro García

Asdo. María Luz Balsa Rábade

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**

